



CONCELLO
DE
PUNXIN
(OURENSE)

CONCELLO PUNXIN (Ourense)	
Registro Entrada N.º
Registro Salida N.º	460
Data	13 de NOVIEMBRE 2015

Remítese certificación do acordó plenario de data 30 .10.2015 , en relación a Proposta de adhesión ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materira de transparencia e acceso á información Pública.

Punxín, 6 de novembro de 2015

O Alcalde

Asinado: Manuel Vázquez Fernández

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
19 NOV. 2015	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA
3387	

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
(TRANSPARENCIA)
OURENSE



CONCELLO
DE
PUNXIN
(OURENSE)

CARMEN LOPEZ GOMEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE PUNXIN, OURENSE,

CERTIFICO: Que, según se desprende da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, levada a cabo con data 30 de outubro de 2015, con asistencia dos seus sete membros, adoptouse o seguinte acordo que, copiado literalmente, di:

5º. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Visto o convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, aprobado pola Corporación Provincial na sesión de data 25 de setembro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 227 de data 2 de outubro de 2015, sométese o asunto á consideración do Pleno.

Toma a palabra o Sr. Moldes para dicir que se non ten coste para o concello e se pode abandonar en calquera momento que non lle ve inconveniente. Así, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, seis votos a favor, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, adoptou os seguintes acordos:

- 1º) Aprobar a adhesión do concello de Punxín ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.
- 2º) Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da aportación prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no convenio.
- 3º) Designar como persoa responsable da execución do convenio a M^a Carmen Rodríguez Quiroga. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde-presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

E, para que conste, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, don Manuel Vázquez Fernández, e coa salvedade do art. 206 do R.O.F., en Punxín a catro de novembro de dous mil quince.

